

AGUIAS DO CAIRO

Tarik Saleh, 2026

1698

ESTREA EN NUMAX: 13.03.2026 | V.O.S.E. | +16 | 126 min

George Fahmy é o actor máis adorado de Exipto, vese presionado a protagonizar un filme encargado polas máis altas autoridades exipcias. Aceptando sen gana, este papel será a porta que o fará entrar no selecto grupo das persoas máis poderosas do país. Axiña comeza un romance coa misteriosa esposa do xeneral que supervisa o proxecto.

«Unha sátira ao estilo Armando Iannucci, con enerxía disidente e escuro desenlace»

Phil de Semlyen, VARIETY



Tarik Saleh: «El Cairo ten as súas propias regras e impórtalle unha merda o que pensemos dela»

Con *Aguías do Cairo*, Tarik Saleh (Estocolmo, Suecia, 1972) pecha unha triloxía centrada nas luces e sombras da capital exipcia. Despois de *El Cairo confidencial* (2017) e *Conspiración no Cairo* (2022) —gañadora do premio ao Mellor Guión no Festival de Cannes—, o cineasta sueco de orixe exipcia retrata, no seu novo filme, os mecanismos represores e o carácter totalitario do goberno de Abdel Fattah el-Sisi, no poder desde o golpe de Estado do ano 2013.

"Para min, El Cairo é un estado mental. As cidades teñen personalidade, como todos nós. Estocolmo, onde vivo, é como unha persoa ansiosa por ser querida, mentres que sería París unha criatura arrogante, que se sabe adorada. Pola súa banda, El Cairo é unha cidade á que lle importa unha merda o que pensemos dela. Ten as súas propias regras, os seus mecanismos, e non se inmuta polo que diga ninguén". Para o director d' *O contratista* (2022), un devoto confeso do *film noir*, "esta cidade, que ten a súa propia orde moral, é un escenario soñado para falar de personaxes que son zarandeados pola sociedade até que son dobregados".

A pesar de que *Aguías do Cairo* pon o ollo na industria do cinema exipcio, controlada na sombra por un goberno autocrático, Tarik Saleh sinala que moitas das situacións do filme remiten á súa experiencia no cinema norteamericano. "O poder das estrelas no cinema exipcio é similar ao do *star system* estadounidense. En América, todo xira arredor das estrelas e iso converte a experiencia de filmar nun pesadelo para calquera director", denuncia Saleh. Queda claro que ao director de capítulos das series "Westworld" e "Ray Donovan" preocúpalle o modo en que a sociedade tende a adorar as estrelas da pantalla.

"O presidente de Ucraína Volodímír Zelenski é actor, e Donald Trump, unha estrela xurdida dos *reality shows*. Vivimos nunha época na que o culto á fama está fóra de control. A xente prefire escoitar a Kim Kardashian e Kanye West que a persoas que teñen cousas substanciais que dicir e compartir. Creo que hai motivos para ser pesimistas e pensar no fin da civilización, pero eu, como optimista teimudo, confío en que a xente moza saberá darlle a volta á situación actual", defende o director de *Metropia* (2009).

Publicado en Fotogramas, nº 2189, Marzo de 2026